

# PROGRAMACIÓN PARA O ANO 1993

Continuando coa programación e de acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten previsto para este ano unha serie de actividades encamiñadas a promocionar e potenciar o patrimonio arqueolóxico, histórico e artístico do noso país.

En primeiro lugar, a edición deste Boletín que foi retrasada ata este momento por falta de recursos económicos en 1992.

Estase tamén a elaborar un video sobre a Cultura dos Castros en colaboración coa Asociación Sociopedagóxica Galega, con información e imaxes baseadas no Castro de Viladonga.

No apartado das viaxes culturais están previstas: unha á comarca de Celanova-Bande-Allariz, (de dous días de duración), e outra a San Andrés de Teixido-Ortigueira-Bares

(un día). Asimesmo, estudiase a posibilidade de visitar o conxunto histórico-artístico e o Museo Nacional de Arte Romano de Mérida.

Estas actividades completaranse con outra serie de actos e actividades que se irán programando e desenrolando ó longo do ano, e que, xeralmente, se fan coincidir con efemérides como o Día das Letras Galegas ou o Día Mundial dos Museos.